



INFORME DE RENDEMENTO DEPORTIVO A LONGO PRAZO

A Federación Galega de Tenis desenrola parte do seu programa de tenificación no Centro Galego de Tecnificación Deportiva (C.G.T.D) en Pontevedra.

O Centro Galego de Tecnificación Deportiva pertence á Dirección Xeral para o Deporte, órgano dependente da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia encargado das competencias vinculadas ó fomento e promoción da cultura física e o deporte.

O obxectivo principal do Centro Galego de Tecnificación Deportiva é facilita-la formación integral de xoves deportistas Galegos/as con potencial para a práctica do deporte de alto nivel, poñendo á súa disposición os medios necesarios para que poidan desenvolve-la súa preparación conforme a criterios científicos, e facilitando ó mesmo tempo a súa integración no sistema educativo e no seu entorno social.

Con motivo da convocatoria de prazas para o ano 2007-2008, os solicitantes teñen que cumprir os requisitos publicados na páxina web do deporte galego www.deportegalego.es co título de **CONVOCATORIA DE PRAZAS PARA O CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA – CURSO 2007- 2008.**

Un dos requisitos e a presentación do informe de rendemento deportivo a longo prazo cas seguintes características e requisitos.

1. A Federación Galega de Tenis, designará o equipo técnico para realizalo informe.
2. A data de realización das probas será:
 - a. 1ª convocatoria 5,6,7 de xullo de 2007.
 - b. 2ª convocatoria 16,17 de Xullo de 2007.
3. Probas e criterios

Proba	Peso %	Data	Resultado	Puntos
Antropometría	5			
Valoración funcional	3			
Forza resistencia	4			
Forza explosiva e velocidade	8			
Rendemento específico	5			
Técnica	30			
Táctica	30			
Motivación intrínseca	15			

Indicador	Peso (%)	Proba
Antropometría	5	Estudio antropométrico
Valoración funcional	3	Valoración funcional en tapete ródante
Forza resistencia	4	Flexións de brazos
Forza explosiva/ Velocidade	8	Salto vertical /lanzamento balón medicinal/Test40m
Rendemento específico	5	O Abanico
Capacidade técnica	30	Gravación en vídeo, Observación e comparación
Capacidade táctica	30	Observación xogo real, capacidade de aprendizaxe
Motivación intrínseca	15	Valoración cualitativa dos adestramentos e competicións
	S=100	



4. A valoración técnica e táctica realizarase mediante gravación en vídeo e posterior estudio
 - a. A valoración técnica farase seguindo o estudo biomecánico dos golpes de Bruce Elliot.
 - b. A valoración táctica farase ca análise dos partidos e o seguimento realizado no Campionato Galego infantil, cadete, absoluto e todo o circuíto Intersport.
5. As solicitudes para a realización das probas dirixiranse a Federación Galega de Tenis vía correo electrónico (info@fgtenis.net) ou correo ordinario c/Fotografo Luís Ksado 17, of.1 Vigo
 - a. Datos que deben figurar na solicitude
 - i. Nome e Apelidos
 - ii. Número de Licencia
 - iii. Data de Nacemento
 - iv. Club o que pertence
 - b. Datas para a presentación das solicitudes
 - i. 1ª convocatoria 3 de xullo de 2007
 - ii. 2ª convocatoria 13 de xullo de 2007.